Marisol Morandeira Morandeira (1 para 1)
Alcaldesa-Presidenta
Data de Sinatura: 05/11/2026
HASH: 098585c63750da49fde31a21b4d8f314

ANUNCIO DE CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 338/2026

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Regulamento do servizo de abastecemento de auga potable, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións más representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
c) Os obxectivos da norma.
d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web e na sede electronica municipal , mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Evitar os problemas de falta de regulación de aspectos como as obrigacións e dereitos da entidade subministradora e dos abonados, as instalacións interiores, as acometidas, o control de consumos, as condicións da subministración, a concesión e contratación da subministración, lecturas, consumos e facturacións, fraudes, réxime económico, consultas e reclamacións, réxime sancionador, infraccións e penalidades, servizo de saneamento, etc.

Necesidade e Oportunidade da súa aprobación:

A modernización dos servizos públicos fai necesario regular todos os aspectos relacionados co seu prestación.

En desenvolvemento da lexislación estatal e autonómica por parte das Entidades Locais ha de levarse a cabo necesariamente a través da potestade regulamentaria recoñecida conforme ao disposto no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que conleva a posibilidade de elaboración de Ordenanzas e Regulamentos.

Obxectivos da norma:

A mellora da prestación do servizo, establecendo a ordenación do servizo público de abastecemento de auga potable a todas as subministracións situadas na localidade, incluíndo disposicións relativas ás instalacións, contadores, contrato de subministración, dereitos e obrigacións de cada parte, interrupción e extinción da subministración, réxime sancionador, etc.

Cod. Validación: A4XMWQPNNWJGAQL3KZXDTKT5L
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Resulta preciso aprobar un Regulamento porque actualmente este municipio carece de regulación.

Despois dunha análise previa, a regulación polo Regulamento considérase a mellor vía posible para conseguir, ademais dunha maior seguridade xurídica, unha maior eficacia no relativo ao obxecto que regula, sen prexuízo de mellor solución alternativa.

Documento asinado electronicamente
A Alcaldesa
Marisol Morandeira Morandeira

Cod. Validación: A4XMWQPNNWJGAQL3KZXDTKT5L
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2